

MEMORIA

**SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS
AÑO 2022**



I.	INTRODUCCIÓN.....	3
II.	NORMATIVA APLICABLE.....	6
II.1	NORMATIVA XERAL.....	6
II.2	NORMATIVA PROPIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CORUÑA.....	7
III.	ORGANIZACIÓN E MEDIOS.....	7
III.1	ORGANIZACIÓN.....	7
III.2	MEDIOS PERSOAIS.....	9
III.3	PROCEDEMENTOS DE CONSULTAS NA ÁREA ECONÓMICA.....	11
III.4	CONVENIO DEPUTACIÓN - COSITAL A CORUÑA.....	12
III.5	ESPAZO SAEM EN WEB.....	14
III.6	OUTRAS ÁREAS DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS.....	17
IV	ACTUACIÓNS DO ANO 2022.....	28
IV.1	EMISIÓN DE INFORMES.....	29
IV.2	RESOLUCIÓN DE CONSULTAS EN TEMPO REAL.....	29
IV.2.1	CONSULTAS EVACUADAS NA ÁREA DE INTERVENCIÓN.....	30
IV.2.2	CONSULTAS NA ÁREA DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.....	35
IV.3	ACTIVIDADES DE FORMACIÓN.....	41
IV.3.1	PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO 2022 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.....	41
IV.4	PROXECTOS SINGULARES DE ASISTENCIA A EE.LL. DA PROVINCIA.....	45
IV.4.1	PROXECTO DE AMPLIACIÓN PROGRAMA DE XESTIÓN DE RRHH E NÓMINAS GINPIX.....	45



IV.4.2	PLAN PREMADECOR. PLAN ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. POSIBILIDADE DE ADHESIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA.	45
IV.4.3	PROXECTO DE ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS INVENTARIOS MUNICIPAIS CON INTEGRACIÓN EN GPA (XESTIÓN PATRIMONIAL DE ACTIVOS) E, COA EIEL (ENQUISA DE INFRAESTRUTURA DE EQUIPAMENTOS LOCAIS)	51
IV.5	ORDENANZAS MUNICIPAIS.....	57
IV.6	COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.....	62
IV.7	ELABORACIÓN DE CONTIDOS ACTUALIZADOS WEB.....	63
IV.8	IMPULSO DA COLABORACIÓN TRANSVERSAL DA ASISTENCIA A CONCELLOS MEDIANTE A DIPOÑIBILIDADE DAS DISTINTAS ÁREAS ADMINISTRATIVAS PROVINCIAIS.....	64
IV.9	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO.....	68
IV.10	EXPLORACIÓN DE CANLES DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIAS.....	69
V	CONSIDERACIÓNS FINAIS.....	69



I. INTRODUCCIÓN.

A presentación dunha memoria anual ante o Pleno da Corporación tal e como se ven facendo desde o ano 2020, asúmese por este servizo como unha obrigaón de carácter anual, co compromiso de presentación da mesma durante o primeiro trimestre do exercicio seguinte á que se refira. En consecuencia, é obxecto desta memoria a descrición das actuacións do servizo durante o ano 2022, dando a coñecer o seu funcionamento e o alcance das súas accións dentro do marco das competencias en materia de Asistencia atribuídas polo ordenamento vixente ás deputacións provinciais.

O Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos xorde coa finalidade e obxectivo de cubrir o mandato competencial configurado no artigo 36.1b) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, que establece como competencias propias da deputación as de asistencia e cooperación económica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, pero sen renunciar á extensión da colaboración ao resto das entidades locais da provincia.

A Deputación da Coruña vén de antigo comprometéndose no desenvolvemento deste labor con obxectivos de eficacia e implicación institucional tanto a nivel técnico como persoal, promovendo, por unha banda, a adquisición e creación de ferramentas e programas técnicos e informáticos que dean adecuada resposta ás demandas dunha administración local en continua evolución e, por outra, na consolidación dun organigrama de recursos humanos ao dispor dos concellos que permita abarcar a maioría das áreas de cooperación xurídica, económica e técnica. Desa forma se intenta compatibilizar a necesaria coordinación do servizo coa prestación efectiva de colaboración pola totalidade das áreas de xestión integradas no organigrama provincial.

Para a consecución destes obxectivos estratéxicos da institución, resulta necesario asumir o compromiso de continuidade na permanente actualización, innovación e adaptación do servizo para satisfacer as demandas que o actual escenario normativo e tecnolóxico esixen, promovendo e fomentando a coordinación entre as distintas áreas de xestión provincial coa finalidade de prestación da asistencia coas maiores garantías de calidade, celeridade e eficacia.



A filosofía dunha asistencia integrada e integradora para a totalidade das áreas provinciais, comezou co Plan de reorganización 2013, que xirou sobre dúas ideas fundamentais, o sistema de traballo en rede cos concellos e a especialización e profesionalización dos recursos humanos, cun cambio de modelo de asistencia aos concellos, pasando dun modelo centralizado nun servizo de asistencia que abarcaba as distintas áreas de actuación a un sistema descentralizado onde todos os recursos humanos da entidade se poñen ao dispor dos concellos da provincia.

As consecuencias organizativas da adaptación da estrutura organizativa ó novo modelo prestacional plasmáronse no Plan de emprego 2013-2015, e o Servizo de Asistencia Económica pasou a formar parte da Área de Intervención coa denominación de Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, integrada por dous seccións inicialmente, e incorporándose despois unha terceira sección que presta asistencia na xestión e elaboración da nómina do persoal dos concellos.

Neste ano 2022 a Deputación non foi allea ao novo contexto actual: continuamos a sufrir as consecuencias da pandemia producida pola COVID-19, o estalido da guerra en Europa e unha crise enerxética sen precedentes, transmitindo a crise á economía a gran velocidade, afectando tanto á actividade produtiva como á demanda e ao benestar dos cidadáns.

Neste contexto, a xestión provincial seguiu a priorizar o mantemento e mellora dos servizos básicos municipais que teñen maior relevancia no benestar económico e social da cidadanía da provincia, continuando cos Plans POS+ e PEL e iniciando outros proxectos para o desenvolvemento económico dos concellos.

- POS+ 2022 introduciu importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores:

Con respecto ás dos anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021 elimínase o obxecto “Pago a provedores”, que obrigaba aos concellos a destinar en primeiro lugar a cantidade asignada neste Plan ao pago das súas débedas con provedores, xa que na disposición adicional octogésima sexta do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, baixo o título “*Ampliación de los*



ámbitos objetivo y subjetivo del Fondo de Financiación a Entidades Locales para atender las obligaciones pendientes de pago a proveedores de determinadas Entidades Locales”, indica o seguinte:

"Con carácter excepcional para 2022, se amplía el ámbito objetivo del compartimento Fondo de Ordenación, del Fondo de Financiación a Entidades Locales, regulado en el artículo 40.1 del Real Decreto-Ley 17/2014, de 26 de diciembre, de 373 medidas de sostenibilidad financiera de las Comunidades Autónomas y Entidades Locales y otras de carácter económico, al objeto de financiar la cancelación de las obligaciones de las entidades locales pendientes de pago que se definen en el siguiente apartado. A estos efectos, se incluyen, con carácter obligatorio, en el ámbito de aplicación de esta medida las entidades locales con un período medio de pago global a proveedores superior a treinta días según la información suministrada al Ministerio de Hacienda y Función Pública y publicada, correspondiente a alguno de los meses de diciembre de 2020, marzo o junio de 2021, con arreglo al Real Decreto 635/2014, de 25 de julio”.

- Programas integrados no PEL Reactiva que puxo en marcha novas liña de actuación co obxecto de axudar aos concellos, ás microempresas e persoas traballadoras autónomas do ámbito provincial, a paliar os efectos económicos negativos derivados da crise.
- Programas dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia:
 - **Programa de Plans de Sostibilidade Turística en Destino.**
Os Plans Territoriais se elaboran mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.
 - **Plan oficina Acelera pyme**
O obxectivo é apoiar para a xeración de solucións, coñecementos, tecnoloxías e innovacións destinadas á mellora de procesos de dixitalización e a creación de produtos e servizos tecnolóxicos avanzados e de maior valor engadido que revertan no conxunto das pymes.



A situación actual, esixiu no exercicio 2022 a continuidade na prestación por parte do SAEM desta actividade colaborativa coas iniciativas que se adoptaron coa finalidade tanto de aliviar as consecuencias de índole socioeconómica xerada, como de recuperar o tecido empresarial da provincia, e garantir, en última instancia, a efectiva prestación dos servizos básicos esenciais encomendados ás entidades locais da provincia.

En todo caso convén matizar que o contido deste documento vaise centrar no ámbito da actividade de asistencia económica a concellos e a outras entidades locais da provincia.

II. NORMATIVA APLICABLE

II.1. NORMATIVA XERAL

1º- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (arts. 4,26 ,31 e 36) modificada por Lei 27/2013, do 30 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local .

2º - Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

3º - Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

4º -Real decreto 424/2017 de réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

II.2. NORMATIVA PROPIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1º-Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais do 11 de outubro de 1988 publicado no BOP núm. 245 do 25 de outubro de 1988.

2º-Bases específicas da asistencia económica aos concellos. procedemento Subtel SAEM-INFORMES, publicado no BOP nº 24 do 4 de febreiro de 2019.

III. ORGANIZACIÓN E MEDIOS

III.1. ORGANIZACIÓN

A organización do servizo configúrase dentro da Xefatura de Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, que á súa vez queda integrada dentro da Intervención Provincial cuxa denominación concreta pasa a ser “Intervención Xeral e Xestión Económico-Financeira”.

O Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos ten como obxectivo, tal e como sinala o seu regulamento orgánico, "calquera tipo de asesoramento económico-financeiro (contestación de consultas, comunicacións e visitas informativas, redacción de informes, estudos, ditames e propostas de resolución de índole económica)", baixo os principios básicos de supletoriedade ou complementariedade, así como de petición municipal.



O asesoramento económico-financeiro e orzamentario prestarao o persoal do servizo en función das súas disponibilidades persoais, -agás que a peculiaridade da cuestión formulada requira un ditame de expertos alleos-, e versará, entre outras, sobre materias tales como:

- Xestión orzamentaria (colaboración na formación dos expedientes de orzamentos, modificacións orzamentarias e liquidación).
- Conta xeral (as relacionadas con aspectos xurídicos -non as do programa contable-).
- Asesoramento en materia de fiscalización de expedientes.
- Asesoramento en materia de contratación e patrimonio.
- Mantemento e actualización dos contidos do Portal WEB SAEM Deputación da Coruña, coa divulgación de contidos económico financeiros (normativos, xurisprudenciais e doutriniais).
- Indicadores económicos e análises orzamentarias.
- Réxime e expedientes de operacións de endebedamento.
- Asistencia nos expedientes de ordenanzas fiscais e non fiscais.
- Plans de disposición de fondos e orzamentos de tesourería.
- Colaboración cos municipios na tramitación de expedientes administrativos relativos a cuestións orzamentarias, plans de saneamento e económico financeiros, acordos de non dispoñibilidade e a súa adecuación ó escenario vixente de suspensión de regras fiscais.
- Asistencia e asesoramento na xestión da nómina do persoal ao servizo dos concellos.
- Colaboración nas actuacións de control financeiro.
- E, en xeral, todas as referidas ao exercicio da actividade económica orzamentaria.

Por outra banda, o Servizo de Asistencia Económica propónse ter uns obxectivos complementarios moito máis ambiciosos, xa que logo se deseña como canle de información permanente mutua de xeito que a súa funcionalidade e utilidade esixa a intervención de todos os actores implicados, e é por isto que se lle pide aos concellos o compromiso da súa participación activa en beneficio da colectividade dos usuarios, de xeito que entre todos sexamos quen de construír un espazo de colaboración común que sirva de ferramenta para a consecución dunha xestión dos asuntos públicos máis áxil e con garantía.



III.2. MEDIOS PERSOAIS

Coordinación e dirección política

- VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña
- ANTONIO LEIRA PIÑEIRO, Presidente da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior
- JOSÉ BLAS GARCÍA PIÑEIRO, Delegado especial de Asistencia a Concellos e Presidente da Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios.

Coordinación técnica-administrativa

- Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos configúrase como servizo adscrito á Intervención Xeral.

INTERVENCIÓN XERAL

- José Manuel Pardellas Rivera. Interventor Xeral
- José María Pérez Alvariño. Viceinterventor
- Juan Bautista Suárez Ramos. Interventor adxunto
- Marcial Rodríguez Toajas. Interventor adxunto

Xefatura servizo Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos

- María José Vázquez Sesmonde.



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

1. PORTAL SAEM E XESTIÓN ORZAMENTARIA, ESTABILIDADE, ESTUDOS E INFORMES (Sección I e Sección II)

SECCIÓN I

- María Ángeles Casal Pérez. xefa da sección de Orzamentos
- María del Carmen Dono López. xefa de negociado
- Beatriz Díaz Canedo. Administrativa

SECCIÓN II

- Pilar Astray Vázquez. xefa sección SAEM
- Gerardo Ulfe Calvo. técnico financeiro tributario
- Hilda García López. técnica de xestión

2.XESTIÓN DE INCIDENCIAS PROGRAMA GINPIX NÓMINAS (Sección III)

- María Rosón Porto. xefa da sección.
- M^a Carmen Pardo Fernández. xefa de negociado.
- Cristina Cendán García. asesora técnica

Con carácter complementario, outros ámbitos de colaboración nas funcións de asistencia a concellos por parte dos servizos provinciais son os seguintes:

A) ASISTENCIA XURÍDICA

SECRETARÍA XERAL

ASESORÍA E ASISTENCIA XURÍDICA

PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



B) ASISTENCIA TÉCNICA

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A CONCELLOS

C) ASISTENCIA SERVIZOS PROVINCIAIS

- **SERVIZO DE CONTABILIDADE** : Xestión de incidencias do programa de contabilidade e xestión de facturas e documentos contables (SICALWIN E FIRMADOC)
- **TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS E RECADACIÓN** : Asistencia técnica e procedimental na xestión recadatoria e tributaria, singularmente no exercicio da delegación de tales competencias na Deputación
- **XESTIÓN DE PLANS PROVINCIAIS** : Asistencia na xestión e tramitación procedimental dos plans provinciais
- **SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA** : Xestión de incidencias xerais de contido técnico e xestión de incidencias TeDEC
- **SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE** : xestión de incidencias a través da aplicación PROACTIVA
- **SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS**: Asistencia en materia de xestión de recursos humanos, en especial neste exercicio no referente aos procesos de estabilización

III.3. PROCEDEMENTOS DE CONSULTAS NA ÁREA ECONÓMICA

Coa finalidade de homoxeneizar os procedementos das solicitudes de asistencia económica dos concellos diferenciando as consultas en función da súa natureza, de forma que permita deixar constancia en todo caso dos seus contidos e pronunciamentos, arbitráronse os seguintes procedementos:



a) Procedemento específico e singular en SUBTEL (Asistencia Económica): Solicitud de informes na área de colaboración económico-financiera e orzamentaria, respecto de asuntos de especial transcendencia ou complexidade que requiran a formalización da resposta mediante a emisión dun informe específico.

b) Procedemento CAU, PROACTIVANET: Procedemento para a solicitude de pronunciamento por parte do SAEM sobre consultas que non requiran da formalidade dun expediente administrativo, pero respecto das que se demande a colaboración e asistencia da Deputación para a resolución de dúbidas ou como fixación de criterios interpretativos da propia Deputación provincial sobre diversas materias neste ámbito.

Como sinalábase anteriormente, a implementación de tales sistemas nos exercicios anteriores resultou ser esencial na procura da prestación polo SAEM dunha asistencia no entorno COVID-19 que reunira como sempre, os tradicionais requisitos de inmediatez, celeridade, e calidade. A observación das numerosas incidencias resoltas de forma áxil e eficaz, a actualización dos contidos e novas coa mesma celeridade que a normativa aprobada polas distintas administracións, mostra ás claras o acerto da normalización dos procedementos e o compromiso e vocación pública que informan a actividade de asistencia da totalidade dos servizos provinciais. Sen dúbida, nesta circunstancia reside gran parte do reforzo do contido institucional da Deputación.

III.4. CONVENIO DEPUTACIÓN-COSITAL A CORUÑA

Como consecuencia das últimas novidades legislativas introducidas pola Lei 9/2017, de contratos do sector público e, singularmente, o Real decreto 424/2017 de réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, que veñen a desenvolver os ámbitos das funcións de intervención dos labores de fiscalización da comprobación material dos investimentos, evidénciase a necesaria habilitación dun canle procedimental por parte da Deputación para posibilitar o adecuado exercicio destas tarefas por parte dos órganos de intervención nos casos nos que se evidencie a necesidade de contar con coñecementos técnicos



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

específicos cando a dimensión do persoal de determinadas entidades non pode asumir a inclusión no seu organigrama municipal de persoal especializado con esa formación técnica.

Para isto, amplíase a prestación do Servizo de Asistencia Técnica a Concellos da Deputación ás funcións de colaboración e asistencia presencial aos órganos de intervención municipais no exercicio das funcións fiscalizadoras relativas á comprobación material dos investimentos naqueles concellos pertencentes ao ámbito territorial da Provincia da Coruña cunha poboación inferior aos 20.000 habitantes e respecto daqueles investimentos aos que se refire o artigo 20.3 do Real decreto 424/2017 de réxime xurídico do control interno, isto é, cando o importe do investimento suxeito a comprobación material sexa igual ou superior aos 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido.

Ao tempo para lograr unha maior eficacia na xestión das actuacións de colaboración por parte do Servizo de Asistencia Técnica, conséntase as consecuencias derivadas do desenvolvemento do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña (COSITAL Coruña) aprobado no exercicio 2019. O primeiro ano de aplicación práctica, acreditouse o cumprimento dos obxectivos de este convenio, servindo de canle de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e COSITAL para posibilitar de forma efectiva o cumprimento, por parte dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, das obrigas normativas vixentes referidas á Intervención das comprobacións materiais dos investimentos naqueles supostos en que a inexistencia de dispoñibilidades persoais e/ou a esixencia de coñecementos técnicos para levar a cabo esas funcións, requiran a asistencia e colaboración da Deputación provincial a través do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (SATM), sen prexuízo de que en función, tanto das demandas municipais como das dispoñibilidades persoais e/ou materiais do SATM, poida considerarse no futuro a ampliación do ámbito subxectivo e/ou obxectivo de aplicación.



Dende a Área de Asistencia Técnica, se recibiron 85 solicitudes de asistencia ás intervencións municipais para recepción de obras, das que se formalizaron 71 actas de recepción. A diferenza entre estas dous cifras débese a que en ocasións ou ben non foi posible recepcionar a obra ou ben houbo varias peticións de asistencia para unha única obra, normalmente por cambios de datas.

Este dato permítenos deducir tanto a eficacia lograda no cumprimento dos obxectivos, como a consolidación entre os concellos do procedemento de asistencia.

Así mesmo, dende o Servizo de Asistencia Técnica elaborouse un procedemento para garantir o sistema de identificación diferenciada de tales actuacións respecto das do resto propias do servizo.

A data da presentación da presente Memoria SAEM 2022, tense aprobado polo Pleno e asinado con COSITAL A Coruña - Pontevedra o novo Convenio, que será de aplicación no período 2023-2026 (xa que ten vixencia anual, prorrogable automaticamente ata un máximo de catro anos), entrando en vigor con efectos 01/01/2023. Na medida na que as dispoñibilidades persoais o permitan, se recolle a posibilidade de ampliación do ámbito subxectivo da prestación da asistencia técnica a concellos de maior poboación que a definida no convenio.

III.5. ESPACIO SAEM EN WEB

O Portal do Servizo de Asistencia Económica a Concellos da Deputación da Coruña, integrado na propia páxina Web provincial, continúa a súa vocación de constituír unha ferramenta de utilidade que contribúa á consecución do obxectivo estratéxico de impulso continuo e innovador para ofrecerlles aos concellos procedementos de natureza interactiva áxiles, útiles, e eficaces nas tarefas de asistencia e cooperación provincial.



Dende este servizo procurouse dar a maior información posible actualizada en cada momento a través do servizo de “NOVAS”, onde se plasmou o enorme esforzo do persoal do servizo para coordinar as actuacións cos concellos e servizos provinciais de cara a recoller un recompilatorio diario da inxente información de contido normativo que se está a producir; así, intégranse nesta carpeta cunha actualización permanente e diaria:

- A normas lexislativas estatais e autonómicas de moi diversas áreas administrativas (contratación, tributaria, xestión de persoal, servizos sociais, réxime de funcionamento dos órganos municipais, réxime orzamentario etc).
- As comunicacións de diversas institucións de relevancia como a FEMP, FEGAM, ORIESCON, AIREF.
- As instrucións e comunicacións do Tribunal de Contas e o Consello de Contas como órgano de control externo da Comunidade.
- Consultas, informes e comunicación do Ministerio de Facenda con incidencia orzamentaria, relativa ás revisión dos prazos e contidos das plataformas de rendición de contas.
- Informes da Avogacía do Estado sobre as interpretacións da normativa contractual.
- Alertas sobre procedementos, resumos de contidos normativos, ditames de tribunais administrativos de contratación e modificación de procedementos propios da Deputación por mor da adaptación ás excepcionais condicións de procedementos de natureza especialmente tributaria.

Neste labor resulta esencial e imprescindible a colaboración dos Concellos así como a cooperación singular do Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña.

Constatouse pois a vocación de xeneralidade e universalidade que inspirou o nacemento deste portal, polo que a súa predisposición é a de estender o seu ámbito de colaboración nunha dobre perspectiva:



- a) exterior, referida ás institucións do ámbito universitario (USC, UDC, etc) como calquera outra entidade que desexe coadxuvar no desenvolvemento e configuración desta Base de Documentación Xeral, na que se integren sentenzas, resolucións, ditames, informes, consultas, doutrina e calquera documentación adicional que sexa de interese.
- b) interna, referida a la creación de una base documental de informes solicitados pola Deputación sobre diversos ámbitos (xurídicos, socioeconómicos, culturais) cuxo contido poda ser de utilidade para os concellos.

O acceso é a través do Portal Web da Deputación provincial, co contido seguinte:

Novas: informacións de distinta índole de interese que diariamente vaian producíndose.

Presentación con información da organización, contacto e ligazóns.

As Áreas temáticas de xestión orzamentaria e estabilidade, fiscalización, endebedamento e contabilidade, xestión de nóminas, funcionarios con habilitación nacional, contratación, documentación coronavirus, onde cada área contén distintos módulos:

- Normativa, doutrina e xurisprudencia de interese
- Modelos e formularios
- Consultas



III.6. OUTRAS ÁREAS DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS

Primeiro. Contabilidade

En relación co Servizo de Contabilidade, a labor de colaboración cos Concellos mediante a resolución de incidencias de contabilización no programa SICALWIN constitúe un compoñente esencial do seu cometido, propiciando o cumprimento das obrigas de remisión de información ao Ministerio por parte dos Concellos. Boa mostra desta circunstancia é o presente resumo de asistencias solicitadas e resoltas polo servizo durante o exercicio 2022, o que evidencia non só o inxente volume de incidencias tramitadas, senón a súa porcentaxe de resolución (99,39 %):

ASISTENCIAS DE SOPORTE CONTABLE AOS ENTES LOCAIS DA PROVINCIA 2022			
	PETICIÓNS RECIBIDAS	PETICIÓNS RESOLTAS	PORCENTAXE
XANEIRO 2022	714	689	103,63%
FEBREIRO 2022	770	759	101,45%
MARZO 2022	592	595	99,50%
ABRIL 2022	518	514	100,78%
MAIO 2022	512	519	98,65%
XUÑO 2022	523	510	102,55%
XULLO 2022	468	497	94,16%
AGOSTO 2022	369	415	88,92%
SETEMBRO 2022	518	511	101,37%
OUTUBRO 2022	497	497	100,00%
NOVEMBRO 2022	452	457	98,91%
DECEMBRO 2022	438	447	97,99%
TOTAIS ANO 2022	6371	6410	99,39%

fonte : Servizo de Contabilidade



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

Cómpre destacar igualmente as labores de asesoramento e colaboración que o servizo de Contabilidade da Deputación presta ás entidades locais da provincia nos procesos de peche contable, liquidación e formación do expediente da Conta Xeral, así como depuración de saldos contables e elaboración dos informes relativos os indicadores de Período Medio de Pago.

O desenvolvemento do cometido do Servizo e explicación dos indicadores e contidos das actuacións será obxecto dunha cumprida análise na Memoria do exercicio 2022 que prepara o propio Servizo de Contabilidade do contido das funcións.

Segundo. Área de Xestión tributaria e recadatoria.

Sen dúbida outra das áreas de especial relevancia no ámbito de asesoramento e colaboración de natureza económica ás entidades locais da provincia é a de Xestión Tributaria e Recadatoria cuxa Memoria do Servizo para o ano 2022 detalla o resumo da actividade desenvolvida "no marco dos traballos de asistencia técnica a Concellos nos servizos de xestión recadatoria municipal en período voluntario e executivo, xestión administrativa e recadación de multas de tráfico así como de colaboración na xestión catastral". Así mesmo convén subliñar que "A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa, as competencias en materia tributaria en relación cos tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público de carácter municipal, mediante a adhesión particular e expresa do Concello titular dos mesmos ás Bases Reguladoras aprobadas".

Como proba deste inxente labor durante o último exercicio, xúntanse os cadros resumo dos seguintes ámbitos, incluídos na Memoria do exercicio 2022 elaborada polo Servizo:



a) relativas ó volume do importe de recadación en vía voluntaria e executiva así como a súa evolución nos últimos exercicios :

RECADACIÓN EN VOLUNTARIA			
Padróns:			
Exercicio	Recadado Total	% Recadación Total	% Domiciliado Xeral
2019	145.605.368,70 €	88,95%	51,86%
2020	150.967.772,77 €	90,03%	53,01%
2021	151.129.780,58 €	89,41%	55,18%
2022	155.231.305,37 €	89,94%	57,49%

Liquidacións:		Autoliquidacións:	
Exercicio	Recadado Total	Exercicio	Recadado Total
2019	16.324.777,57 €	2019	4.623.880,11 €
2020	10.441.591,25 €	2020	4.965.569,57 €
2021	11.899.951,19 €	2021	5.322.360,14 €
2022	11.604.337,52 €	2022	7.568.833,15 €

RECADADO EN VÍA EXECUTIVA:		
Exercicio	Recadado Total	Pendente Executiva
2019	22.577.123,61 €	86.378.045,32 €
2020	19.541.470,57 €	85.376.749,99 €
2021	21.850.281,90 €	84.437.541,76 €
2022	24.474.252,76 €	65.355.030,19 €

FONTE : Memoria de Recadación e Xestión Tributaria 2022



Singularmente recóllese na Memoria do Servizo a evolución comparativa dos anos 2021 e 2022 dos principais impostos (IBI, IVTM e IAE):

IBI	Cargo Líquido	Nº Inmobles	Importe Recadado	% Recadado	% Domiciliado
2021	96.952.264,10 €	563.276	87.626.530,42 €	90,38%	60,86%
2022	100.221.169,42 €	576.856	91.743.061,52 €	91,54%	61,99%
Diferenza	3.268.905,32	13.580	4.116.531,10	1,16%	1,13%

IVTM	Cargo Líquido	Nº Vehículos	Importe Recadado	% Recadado	% Domiciliado
2021	27.051.702,77 €	403.941	22.507.837,41 €	83,20%	40,39%
2022	27.438.122,08 €	411.868	22.969.452,14 €	83,71%	41,49%
Diferenza	386.419,31	7.927	461.614,73	0,51%	1,10%

IAE	Cargo Líquido	Nº Contribuíntes	Importe Recadado	% Recadado	% Domiciliado
2021	10.231.548,06 €	6.731	9.592.534,17 €	93,75%	42,90%
2022	10.637.586,41 €	6.720	9.908.061,30 €	93,14%	47,07%
Diferenza	406.038,35	-11	315.527,13	-0,61%	4,17%

FONTE : Memoria de Recadación e Xestión Tributaria 2022



b) relativas ás asistencias tributarias

Cadro Resumo de Asistencias por exercicio:

Exercicio	Total	Presenciais	Non presenciais	Visitas Oficina Virtual
2019	196.066	82.161	113.905	53.420
2020	227.590	32.585	195.005	73.962
2021	263.596	34.861	228.735	100.746
2022	312.320	44.499	267.821	143.837

FONTE : Memoria de Recadación e Xestión Tributaria 2022

Detalle evolución das asistencias por exercicio e mes con máximo en novembro de 2022 con 43.554 asistencias en dito mes:





Terceiro. Asesoría Xurídica

Na Asesoría Xurídica iniciáronse, e parcialmente atópanse en tramitación, asuntos xudiciais, correspondentes ao ano 2022, con independencia da tramitación dos correspondentes a outros anos e que aínda non se atopan finalizados ou finalizaron no transcurso do ano 2022.

A relación de recursos xurídicos e informes xurídicos elaborados no ano 2022 para os concellos da provincia pódese resumir no seguinte cadro.

ASUNTOS XUDICIAIS		INFORMES
DEPUTACIÓN	208	336
CONCELLOS	174	7
TOTAL	382	343



**RELACION DE RECURSOS XUDICIAIS E INFORMES
XURIDICOS CONCELLOS - EXERCICIO 2022**

XURISDICIÓN CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVA	SEDE XUDICIAL - CORUÑA	
	TSXG	5
	XCA Nº 1	16
	XCA Nº 2	20
	XCA Nº 3	23
	XCA Nº 4	21
	SEDE XUDICIAL FERROL	
	XCA 1	22
	SEDE XUDICIAL SANTIAGO	
	XCA 1	3
XCA 2	5	
XURISDICIÓN SOCIAL	SEDE XUDICIAL - CORUÑA	
	X SOCIAL 1	3
	X SOCIAL 2	3
	X SOCIAL 3	3
	X SOCIAL 4	1
	X SOCIAL 5	6
	X SOCIAL 6	5
	X SOCIAL 7	3
	SEDE XUDICIAL SANTIAGO	
	X SOCIAL 1	5
	X SOCIAL 2	6
	X SOCIAL 3	9
	X SOCIAL 4	6
SOCIAL 2017-2018-2019	7	
TOTAL RECURSOSXUDICIAIS		
	174	
INFORMES XURÍDICOS		
	7	



Reitérase que esta cuantificación refírese única e exclusivamente aos iniciados durante o ano 2022, sen ter en conta os que xa se atopaban en tramitación e non finalizaran nos anos anteriores nin os recursos de apelación, suplicación e casación de anos anteriores e que tamén se iniciaron no exercicio 2022 e que resulta máis difícil a súa cuantificación.

Así mesmo, en relación ao asesoramento xurídico, non se inclúe a información verbal, nin as reunións mantidas con concellos e unidades xestoras da Deputación que, a diario, tamén forman parte daquel.

Cuarto. Asistencias técnicas informáticas

En relación coas asistencias técnicas informáticas cabe precisar que a dotación de recursos para a innovación tecnolóxica e a incorporación de novas tecnoloxías á actividade provincial e municipal constitúe outro dos obxectivos establecidos para o exercicio 2022:

Consignáronse para a asistencia informática a concellos (programa 49122) un total de 3.560.496,44 € dos que se comprometeron 3.129.587,36 €, é dicir, o 87,90 %.

De todas as actuacións de asistencia informática realizadas no exercicio 2022 poden destacarse as seguintes:

- Adecuación continua á normativa de seguridade da información e de protección de datos.
- Ampliación dos servizos e instalacións sobre a plataforma TEDEC/AL- SIGM, levando a cabo novos desenvolvementos, implantacións e integracións con outras plataformas de uso xeral (XUNTA, Administración Central,...).
- Continuación co mantemento da plataforma de sedes electrónicas.



- Continuación co proxecto de arquivo electrónico provincial e evolución e implantación do módulo de arquivo da plataforma TEDEC(Sistema Integrado de Xestión Municipal) da Deputación Provincial da Coruña.
- Continuación co mantemento da aplicación de xestión tributaria GTT
- Continuación co mantemento da aplicación do Padrón Municipal de Habitantes
- Continuación co mantemento da aplicación do Tradutor
- Subscrición anual da aplicación de lexislación e xurisprudencia Aranzadi
- Continuación co mantemento das licenzas Qlik
- Continuación do mantemento e da asistencia aos concellos en relación ás aplicacións de xestión económica-financeira e de xestión de procedementos administrativos da deputación e das entidades locais da provincia.
- Mantemento e a asistencia aos concellos da aplicación de recursos humanos e extensión da licenza do proxecto de recursos humanos "nóminas" o concello de Brión e continuación dos traballos de adaptación do proxecto de recursos humanos "nóminas" aos concellos de Arteixo, Carballo e Culleredo.
- Mantemento do proxecto de control horario para os concellos como consecuencia da entrada en vigor do RDL 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo.
- Continuación do Proxecto de implantación de unha solución informática para a xestión das Taxas e Prezos Públicos dos Entes Locais da provincia da Coruña.
- Mantemento da xestión patrimonial nas Entidades Locais da provincia coa aplicación informática GPA.
- SUBTEL
 - Oficina de certificados
 - Certificados empregado público para concellos e deputación
 - Certificados de sede e selo
 - Certificados de representante
 - Patrimonio



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

- SID (sistema de información á dirección)
- Subvencións de concorrencia
- Convenios
- Rede cultural
- Plans de obras
- Plan de Formación
- Rexistro E/S (TEDEC)
- Oficina antifraude
- Ciberseguridade

Quinto. Asistencia técnica a Concellos

A asistencia técnica a maiores da canle de colaboración entre a Deputación da Coruña e COSITAL, que xa se mencionaron, realiza funcións de asesoramento sobre a lexislación urbanística emitindo informes e propostas de resolución sobre suxestións e/ou alegacións aos proxectos urbanísticos.



A relación de actuacións deste servizo nos concellos pode resumirse no seguinte cadro:

TIPO DE ACTUACIÓN	CANTIDADE
Expedientes incoados en materia urbanística	88
Solicitudes de asistencia á implantación de obras	8
Informes de supervisión de obras e subministracións	750
Asistencia a consellos asesores	7
Dirección e coordinación de obras	9
Redacción proxectos de obras	1
Consultas urbanísticas informais / correo electrónico / teléfono	394
Expedientes SUBTEL asistencia presencial incoados polos Concellos en 2022	101
Expedientes SUBTEL asistencia documental incoados polos Concellos en 2022	35
Expedientes SUBTEL asistencia xeral incoados polo servizo en 2022	90
Asistencia á recepción de obras ou subministracións en convenios Deputación-Concellos	8
Asistencia presencial a procedementos xudiciais	2
Participación en comités de expertos contratación	11
Participación en tribunais de oposicións	6



IV. ACTUACIÓNS DO ANO 2022

Ademais das actuacións indicadas nos apartados anteriores, podemos clasificar as actividades realizadas polo Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos durante o ano 2022 da seguinte forma:

- IV.1. Emisión de informes
- IV.2. Resolución de consultas en tempo real
- IV.3. Actividades de formación
- IV.4. Proxectos concretos de asistencia a EE.LL. da provincia
- IV.5. Ordenanzas municipais
- IV.6. Colaboración con outras administracións
- IV.7. Elaboración de contidos actualizados Web
- IV.8. Impulso da colaboración transversal da asistencia a concellos mediante a dispoñibilidade das distintas áreas administrativas provinciais.
- IV.9. Procedementos de avaliación e mellora do servizo.
- IV.10. Exploración de canles de información complementarias.

A continuación pasamos a desenvolver as actividades realizadas durante o ano 2022 en cada un dos apartados anteriores.



IV.1. EMISIÓN DE INFORMES

Durante o ano 2022 emitíronse neste servizo un total de 9 informes, en contestación ás solicitudes formais enviadas polos distintos concellos da provincia sobre materias diversas do ámbito económico-financeiro. Estas actuacións pódense sintetizar no cadro seguinte:

Concello	Data informe	Materia
Corcubión	17/01/2022	Suspensión regras fiscais.IFS
Mazaricos	05/04/2022	Informe sobre a proposta da RPT Municipal
Betanzos	11/04/2022	Esquema Nacional de Interoperatividade e Seguridade
Mugardos	11/04/2022	Modalidades da contratación en réxime laboral
Mugardos	24/05/2022	Devolución IAE
Carral	02/06/2022	Retención IRPF a no residentes
Ordes	13/06/2022	Reclamación IVE
Mancomunidade de Fisterra	28/09/2022	Incremento das tarifas do servizo de abastecemento de auga
Sobrado	10/11/2022	Reclamación IBI

IV.2. RESOLUCIÓN DE CONSULTAS EN TEMPO REAL

Dentro das competencias e funcións encomendadas ao servizo segue tendo especial relevancia a actividade de apoio e asesoramento a cuestións expostas desde as diversas EE.LL. da provincia en tempo real, é dicir, a contestación a estas cuestións por vía telefónica, informática (correo electrónico, sistema proactivanet, Subtel) ou persoalmente nas propias dependencias do servizo.




A actividade desenvolvida neste ámbito pódese resumir da seguinte forma:

IV.2.1. CONSULTAS EVACUADAS NA ÁREA DE INTERVENCIÓN

A relación de consultas atendidas neste período acompáñase como anexo a esta memoria, nunha listaxe con indicación do contido da consulta, da entidade solicitante e das datas de rexistro da consulta e de sinatura da solución. Durante todo o ano 2022 esta relación de consultas elaborouse de maneira xeneralizada a través do CAU, rexistrando as incidencias recibidas mediante o aplicativo informático de Proactiva.

O total de consultas recibidas neste ano alcanza a cifra de 88 incidencias. Un 62,50% delas resolvéronse no mesmo día do rexistro da solicitude, o 18,18% foron evacuadas no día seguinte nun período de menos de 12 horas, e 19,31% restante das consultas restante teñen un tempo superior de resposta debido na maioría dos casos á necesidade de solicitar máis información para completar a solicitude feita pola entidade local ou pola necesidade dalgunha documentación específica para poder emitir unha resposta axeitada.




Dunha análise máis detallada da información contida na relación de consultas que se acompaña pódense sacar algunhas conclusións sobre as materias máis demandadas, os entes que demandan máis a atención do servizo e tamén da súa evolución ao longo do ano, reflectindo os períodos nos que as solicitudes son máis elevadas, o que se mostra nos gráficos seguintes.



Por áreas temáticas:


No seguinte gráfico vemos que as áreas nas que se producen máis consultas son as áreas de intervención e orzamentos seguidas da área contable.





Por tamaño do ente:

No gráfico explicativo dos entes que demandan máis asistencia do servizo, vese de maneira explícita que as entidades que demandan máis atención son aquelas de menor poboación, alcanzando as entidades de menos de 10.000 habitantes o 72% das consultas evacuadas, sendo estas o principal obxectivo do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica.




Nota: Dos 93 concellos que conforman a provincia, 42 teñen menos de 5.000 habitantes, 31 teñen entre 5.000 e 10.000, e nos outros 20 a poboación supera os 10.000.



Por período:

Neste gráfico no que se reflicten as asistencias por trimestres, vese que o nivel de demanda de asistencia é moi similar no primeiro, segundo e cuarto trimestres, terceiro trimestre é o que reflicte unha menor demanda de asistencia por parte dos concellos coincidindo co período estival de vacacións.



Cómpre engadir ademais as **numerosas incidencias** e consultas que se realizan por parte dos concellos de xeito máis informal, normalmente con carácter de **urxencia**, en relación a diversas áreas e que se resolven de xeito inmediato mediante chamadas telefónicas o remisión de correos electrónicos. Esta cobertura aos nosos interlocutores (tanto técnicos como habilitados nacionais) nos concellos supón na práctica a posta á súa disposición do equipo SAEM para a asistencia inmediata e urxente de cuestións que





no permiten demora na súa tramitación, outorgando aos usuarios criterios de seguridade e confianza, sendo moi positivamente valorada tal asistencia por dito persoal. Con ocasión da cobertura insuficiente de habilitados nos postos e funcións reservados a estes cargos, xerouse neste exercicio 2022 un aumento significativo deste tipo de consultas por parte do persoal que exercía estas funcións de xeito interino o incluso accidental, pero sen a formación nin experiencia requiridas, polo que as labores de auxilio e apoio por parte da Deputación reveláronse como fundamentais para o desenvolvemento das tarefas encomendadas, outorgando veracidade e confianza administrativa na tramitación dos diferentes e variados expedientes.

Da análise dos distintos gráficos elaborados e da súa comparativa cos obtidos no período anterior cabe concluír que a asistencia aos concellos da provincia por este canle presenta uns resultados satisfactorios como comentamos anteriormente, cunhas estatísticas moi similares aos anos anteriores.

IV.2.2. CONSULTAS NA ÁREA DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

A continuación detállanse as estatísticas extraídas da aplicación de xestión de soporte (PROACTIVA), relativas ao número de incidencias e/ou peticións atendidas polo persoal da Sección III de Asistencia Económica vinculada ao ámbito da Xestión de incidencias en materia do Programa Ginpix7.




A información fai referencia ás incidencias e/ou peticións rexistradas durante o ano 2022, existindo ademais un número indeterminado de consultas e incidencias non rexistradas por dita aplicación pois foron recibidas directamente vía correo electrónico ou teléfono.

Atendendo ás cifras de poboación das entidades locais que realizan as peticións ou consultas, reflíctese unha porcentaxe de entrada de incidencias moi igualada naquelas entidades que teñen mais de 10.000 e menos de 20.000 habitantes e os de máis de 20.000, unha lixeira maior demanda ou necesidade de soporte nas que teñen menos de 5.000 habitantes, e as entidades entre 5.000 a 10.000 habitantes supoñen a porcentaxe maior do total de EELL ás que se lles presta o soporte.




Respecto da distribución por **áreas temáticas**, o volume maior de incidencias concéntrase especialmente nas consultas sobre a xestión mensual das nóminas, representando o 57% das incidencias totais. Ocupan un segundo lugar as incidencias dos seguros sociais (cotizacións, afiliacións e partes de ILT) que representan o 31%. A súa vez as consultas sobre contratación, selección e xestión dos RRHH supoñen un case un 8%, e por último, nunha proporción moi inferior (3% e 1% do total respectivamente), séguenlles as peticións sobre a información relativa ao IRPF mensual e anual, e a estrutura organizativa (prazas, postos e o capítulo I do orzamento).






No primeiro trimestre do ano 2022 prodúcese un aumento substancial no número de incidencias con motivo da aprobación do incremento do 2% das retribucións do persoal ao servizo do sector público (Lei 22/2021, de 28 de decembro, de PGE para o ano 2022) e todos os cambios introducidos pola dita lei en materia de cotizacións á seguridade social . Pero a maior alza prodúcese a partir do último trimestre, motivada, en primeiro lugar, pola liquidación dos contratos temporais celebrados no trimestre anterior, e en segundo lugar, polo incremento retributivo adicional do 1,5% das retribucións do persoal ao servizo do sector público aprobado polo Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2022, o que derivou no cálculo dos atrasos das retribucións correspondentes ao dito incremento dende a data mencionada.





Con respecto ao **tempo de resposta** cabe dicir que case un 70% das incidencias foron resoltas dentro das primeiras 24 horas, e unha porcentaxe do 11% en 48 horas. A solución nun tempo superior a 48 horas (case un 19%) correspóndese na súa maioría con aquelas incidencias que debido a fallos ou deficiencias detectadas no programa de xestión das nóminas son reportadas a un segundo nivel de soporte externo realizado pola empresa Savia, quedando a solución nestes casos á espera de resposta por parte desta empresa.





Con carácter complementario e en base ás consultas formuladas, cómpre subliñar a relevancia das actuacións de coordinación coas distintas administracións públicas para os efectos de facilitar o cumprimento das obrigas legais impostas ás entidades locais en cuestións relativas ó réxime de endebedamento ou cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto :

- a) por unha banda, coa Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Entidades Locais da Xunta de Galicia, como órgano de tutela financeira, en relación ás determinadas cuestións relevantes, especialmente no exercicio 2022 cun escenario de mantemento da suspensión de regras fiscais: fixación de criterios e análise provisionais da aplicación por parte dos concellos dos vixentes plans económicos financeiros e acordos de non dispoñibilidade de crédito; fixación de escenarios de planificación orzamentaria en función da fixación de criterios interpretativos da normativa relativos ó cumprimento das obrigas e materia orzamentaria e económico-orzamentarias en entidades locais con indicadores desfavorables
- b) por outra, coa Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do Ministerio de Facenda, para a análise da aplicación normativa e propostas de alternativas que garanten a prestación dos servizos básicos esenciais por parte das entidades locais en supostos nos que os mecanismos orzamentarios e financeiros da Deputación provincial poidan coadjuvar á consecución de tales obxectivos, con adecuación ós requisitos e esixencias normativas impostas polos distintos mecanismos de financiamento estatais para o pago a provedores.



IV.3. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

IV.3.1. PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO 2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Dentro del plan de formación agrupado 2022 os cursos organizados ou impartidos polo persoal deste servizo foron os seguintes:

1 Na área de xestión orzamentaria:

Curso de Xestión Orzamentaria nas EELL, (Edición Avanzada) co seguinte programa:

- O orzamento das administracións públicas: Concepto, principios, técnicas orzamentarias.
- Xestión orzamentaria de gastos e ingresos: Especial consideración do orzamento das entidades locais.
- Liquidación do orzamento: Magnitudes orzamentarias.
- Análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto: Especial incidencia do Acordo do Consello de Ministros de suspensión da aplicación das regras fiscais.

Relatores: Pilar Astray Vázquez e Marcial Rodríguez Toajas

A execución do curso demorouse ata o mes de febreiro do presente exercicio, ante a imposibilidade de realización no exercicio 2021.



2 Na área de recursos humanos:

1. Accións formativas dirixidas aos usuarios do Concello de Brión, da aplicación para a xestión dos RRHH (ginpix7), no marco do proxecto de implantación do programa nese Concello. En concreto, impartíronse as seguintes xornadas de formación, en modalidade on line:

- ✓ 3 de xaneiro de 2022: Repaso do ciclo de nómina I, e calculo de nóminas do mes de decembro en paralelo.
- ✓ 4 de xaneiro de 2022: Proceso de atrasos (Incidencias do mes anterior e atrasos).
- ✓ 11 de xaneiro de 2022: Módulo de informes Easy Query.
- ✓ 17 de xaneiro de 2022: Módulo de Contratos.
- ✓ 14 de febreiro de 2022: Estruturas e mantemento de datos do enlace contables.

2. Curso de programa de Nóminas ginpix7 (Código: OC22-1).

Accións formativas dirixidas aos usuarios da aplicación para a xestión dos RRHH (ginpix7), das EELL adheridas ao Plan Provincial de xestión de RRHH mediante esta aplicación, no marco da 1ª convocatoria do Plan provincial de formación agrupado 2022. As xornadas celebráronse do 14 ao 17 de marzo de 2022, cunha duración de 28 horas en modalidade presencial, coa asistencia de 30 usuarios en horario de 9:30 a 18:00 horas. En concreto, impartíronse as seguintes xornadas de formación:



- ✓ 14 de marzo de 2022: Ciclo de nómina, módulo de atrasos (Incidencias do mes anterior e atrasos) e módulo de xestión dos seguros sociais (SLD)
- ✓ 15 de marzo de 2022: Módulo de Administración, Prazas e Postos, e ISPA
- ✓ 16 de marzo de 2022: Módulo de orzamentos, capítulo I, xestionado desde a RPT e a nómina.
- ✓ 17 de marzo de 2022: Módulo de informes Easy Query

Finalmente e con carácter complementario como mecanismo de consulta e actualización formativa, cómpre mencionar o mantemento con cargo ó orzamento provincial da licenza provincial de acceso a todas as entidades locais da base de datos dixital de ARANZADI, que permite a consulta do contido de forma gratuíta e completa facilitando e aportando seguridade xurídica nos procesos de formación dos expedientes administrativos das citadas entidades.

3 Xornadas formativas PLAN PREMADECOR:

Impartíronse as seguintes xornadas de formación:

- ✓ 6 de outubro de 2022: Casa da Cultura de Ortigueira.
- ✓ 26 de outubro de 2022: Casa da Cultura de Teixeira en Curtis.
- ✓ 22 de novembro de 2022: Auditorio de Baio en Zas.
- ✓ 29 de novembro de 2022: Casa de Cultura de Iousame.
- ✓ 1 de decembro de 2022: Pazo Provincial da Deputación na Coruña.



Contido das xornadas e Relatores:

- Fomento de marcos de integridade pública na xestión NGEU e o papel de colaboración do Consello de Contas coas entidades locais de Galicia
Simón Rego Vilar, Conselleiro do Consello de Contas de Galicia, Área de Corporacións locais
- Os procedementos de contratación para a xestión dos fondos NGEU: especialidades e cláusulas a introducir no prego de cláusulas administrativas particulares.
Luis Jaime Rodríguez Fernández, Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña.
- O canle de bo goberno e denuncias. Comentarios ao anteproxecto de Lei de protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de protección contra a corrupción.
Miguel Iglesias Martínez, Oficial Maior da Deputación da Coruña.
- O Plan PREMADECOR da Deputación da Coruña: medidas preventivas, de detección, correctivas e de persecución. A instrución dos procedementos de reintegro e sancionadores.
Juan Bautista Suárez Ramos, Interventor adxunto da Deputación da Coruña.



IV.4.PROXECTOS SINGULARES DE ASISTENCIA A EE.LL. DA PROVINCIA

IV.4.1. PROXECTO DE AMPLIACIÓN PROGRAMA DE XESTIÓN DE RRHH E NÓMINAS GINPIX

Dende o mes de xaneiro ata o mes de febreiro de 2022 leváronse a cabo as actuacións que faltaban para rematar o proxecto de ampliación do programa ginpix7 ao Concello de Brión. As actuacións centráronse, ademais das accións formativas descritas no apartado anterior, en traballos de consultaría e asistencia aos usuarios deste Concello, en cuestións relativas, entre outras, aos procesos do cálculo das nóminas, dos atrasos e da produtividade do ano anterior, a xeración e envío dos ficheiros dos seguros sociais, e a xeración dos modelos 111 e 190 da AEAT, de maneira que se conseguiu realizar co programa a xestión integral de todos estes procesos dende xaneiro de 2022, tendo lugar a finalización definitiva do proxecto o 28 de febreiro de 2022.

IV.4.2. PLAN PREMADECOR. PLAN ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. POSIBILIDADE DE ADHESIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR).



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

Ámbito de aplicación e obxectivos do Plan:

1. A aplicación das medidas anti-fraude na Deputación e entidades adscritas (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña - FAEPAC).

A aprobación deste Plan e a posta en funcionamento dos mecanismos anti-fraude que se describen no mesmo, teñen como finalidade darlle debido cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, lle impón a España e ao conxunto dos estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), pois toda entidade, ben sexa decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun plan de medidas anti-fraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicábeis, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

Polo seu carácter de exemplaridade, procurárase que unha boa parte das medidas que se describen e se implantan no presente Plan resulten de aplicación, tanto pola propia Deputación coma polos seus entes adscritos, con carácter xeral no conxunto do ciclo financeiro e orzamentario no que se obteñen e se aplican o conxunto de recursos públicos que xestiona esta Administración, con independencia de cal sexa a orixe daqueles recursos, de fontes propias ou alleas.



Mais sen prexuízo desa tendencia ou vocación de xeneralidade exposta anteriormente, o Plan será de obrigada e intensa aplicación para o caso de que esta Deputación poida recibir fondos do programa NEXT GENERATION EU, segundo do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) establecido a través do Regulamento UE 2021/241, do Parlamento e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.

Consonte ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, o PREMADECOR atende aos seguintes requirimentos:

- a) Estrutura as medidas anti-fraude de maneira proporcionada e ao redor de catro elementos clave do denominado ciclo anti-fraude: prevención, detección, corrección e persecución.
- b) Está prevista a avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave na execución do PRTR e a súa revisión periódica anual e, en calquera caso, cando se teña detectado fraude ou se produza algún cambio significativo nos procedementos ou no persoal.
- c) Defínense medidas preventivas adecuadas e proporcionadas, axustadas ás situación concretas, para reducir o risco residual de fraude a un nivel aceptable.
- d) Prevese a existencia de medidas de detección axustadas ás sinais de alerta e defínese o procedemento para a súa aplicación efectiva.
- e) Defínense as medidas correctivas necesarias para aplicar, cando se detecte un caso sospeitoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación das sospeitas de fraude.



- f) Establécense procedementos axeitados para o seguimento dos casos sospeitosos de fraude e a correspondente recuperación dos fondos da UE que se poidan ter gastado de xeito fraudulento.
- g) Defínense medidas de seguimento para revisar os procesos, procedementos e controis relacionados co fraude efectivo ou potencial, que se transmiten á correspondente revisión da avaliación do risco de fraude.
- h) Especificamente regúlanse procedementos relativos á prevención e corrección de situación de conflito de intereses. Para evitar con anticipación a posible existencia de ditos conflitos, establécese como obrigatoria a sinatura dunha “Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses” (DACI) por todas as persoas que participen nos procedementos de execución do PRTR, a comunicación ao superior xerárquico da existencia de calquera potencial conflito de intereses e a adopción da decisión que, en cada caso, corresponda.

2. A posible adhesión dos concellos e outras entidades locais da provincia ao PREMADECOR: graos de adhesión.

A Deputación, como organización de xestión e goberno da Provincia da Coruña, asenta a súa natureza de entidade local na agrupación de concellos (artigo 141 da Constitución e 31 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local), atribuíndoselle como competencia esencial a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica con aqueles, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión (artigo 36.1, letra b, da devandita Lei 7/85).

Pois ben, co fundamento competencial exposto e tomando moi en consideración a novidade e, asemade, complexidade organizativa e técnica das medidas anti-fraude que se regulan neste documento, considérase oportuno e mesmo necesario



posibilitar que os concellos e demais entidades locais da provincia poidan adherirse a este Plan, establecéndose deseguido distintos niveis ou graos de adhesión, que se van a graduar partindo da poboación de cada entidade, criterio legal que se vén utilizando con carácter xeral na oferta de cooperación municipal en todos os ámbitos.

Co criterio poboacional exposto, establécense os seguintes graos de adhesión dos concellos e demais entidades locais a este Plan PREMADECOR.

A.) 1º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios e documentos.

Co ánimo da cooperación exposta, ofrécese a todos os concellos e entidades locais da provincia o presente documento, co carácter de modelo ao que poden adherirse, mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo e adopción do acordo plenario que proceda, e logo coa ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica de cada entidade.

Unha vez aprobado o plan correspondente, será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello ou entidade, determinando os órganos que deberán realizar a avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias.

Neste primeiro nivel ou grao non se produce delegación de competencia ningunha, polo que a Deputación quedará enterada do acordo cando sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia; con todo, o Comité CADECOR que se regula no presente Plan e os demais servizos da Deputación asistirán aos concellos que o requiran por escrito, emitindo os informes que procedan en cada caso de acordo co Regulamento de asistencia a municipios.



B.) 2º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación da función de avaliación de riscos.

A adhesión a este segundo grao poderá acordarse polos concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.

Neste nivel os concellos e outras entidades locais destinatarias, ademais de adoptar o acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, poderán encomendar á Deputación a xestión das funcións de avaliación de riscos en cada un dos expedientes de gasto nos que exista financiamento do PRTR.

A encomenda desta xestión requirirá un acordo expreso do Pleno da Corporación, adoptado pola maioría do número legal de membros que compoñen a corporación e posterior aceptación por parte do Pleno da Deputación da Coruña, publicándose posteriormente dito acordo no Boletín Oficial da Provincia.

C.) 3º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios, con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local.

Esta adhesión ao PREMADECOR e delegación de funcións na Deputación, ao igual que no grao anterior, tamén están previstas para os concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.



Neste terceiro nivel ou grao, ademais do acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, os concellos e outras entidades que estean dentro do rango poboacional indicado poderán adoptar o acordo de delegar a prol da Deputación da Coruña as funcións de avaliación de riscos de cada expediente financiado co PRTR, utilización do canle de bo goberno e denuncias, análise e seguimento do Plan no ámbito municipal e mesmo tramitación e resolución dos expedientes de carácter correctivo que sexan competencia da administración local.

IV.4.3. PROXECTO DE ELABORACIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS INVENTARIOS MUNICIPAIS CON INTEGRACIÓN EN GPA (XESTIÓN PATRIMONIAL DE ACTIVOS) E, COA EIEL (ENQUISA DE INFRAESTRUTURA DE EQUIPAMENTOS LOCAIS)

A Deputación da Coruña, no exercicio das súas competencias de asistencia xurídica, económica e técnica aos municipios (art. 36 Lei 7/1985 LBRL), especialmente aos de menor capacidade económica, aborda a continuidade deste importante proxecto para satisfacer as necesidades de moitas entidades, mediante a elaboración e/ou actualización dos Inventarios de Bens e Dereitos daquelas entidades locais que así o soliciten.

Esta iniciativa provincial remóntase a décadas de colaboración, iniciada no ano 2006, levouse a cabo en cinco fases que se prolongaron ata o ano 2017, cun total de 69 inventarios realizados para as entidades locais da provincia de acordo ao seguinte cronograma.



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

Fase I, ano 2006, 3 entidades

Fase II, ano 2007-2008, 13 entidades

Fase III, ano 2009-2011, 12 entidades

Fase IV, ano 2012-2013, 24 entidades

Fase V, ano 2016-2017, 17 entidades

A continuidade desta iniciativa xa consolidada resulta especialmente relevante xa que convén lembrar a obrigatoriedade legal (art. 32 Lei 33/2003, art. 17 Real Decreto 1372/1986) que teñen todas as entidades locais de ter actualizados os Inventarios de Bens e Dereitos, así como, as rectificacións anuais sobre o mesmo, sendo conscientes nesta institución provincial do que a execución destas tarefas supón para as corporacións locais pola súa falta de medios e técnicos especializados, considerouse conveniente consignar unha partida no orzamento provincial para elaborar e/ou actualizar os inventarios das corporacións locais que o soliciten a custo cero para eles.

Iniciativa ambiciosa e cuxo elemento nuclear é a elaboración e/ou actualización dos inventarios municipais concibidos, por unha banda, como unha ferramenta básica para levar a cabo unha adecuada xestión, control e optimización dos recursos públicos, dado que o Inventario permite levar a cabo un dobre control sobre os bens e dereitos, e, doutra banda, como unha ferramenta viva que necesita unha actualización constante como elemento esencial para as entidades locais cunha dimensión de control contable e transparencia.



Desta maneira, facilitaríase:

- a) Dunha parte, o control de legalidade, segundo o cal se pon de manifesto a existencia e situación xurídica de cada un dos bens, o que permite, entre outras funcións relevantes, a protección e defensa xurídica dos bens e dereitos, así como acreditar a dispoñibilidade xurídica e situación dos bens, sobre os que deben realizarse as distintas actuacións patrimoniais ou execución de obras.
- b) Doutra, o control económico, a partir do que se establece o valor dos elementos de inmovilizado, que integran as distintas contas de activo, permitindo a coordinación entre os datos contables e patrimoniais, facilitando datos para a realización de diferentes informes, tales como os da dotación á amortización, imprescindibles para que poida realizarse un adecuado cálculo do custo dos distintos servizos municipais
- c) Como elemento diferencial e singular no presente proxecto configúrase o obxectivo de garantir e optimizar a eficacia da actuación mediante as sinerxías da integración e ligazón da información da xestión do patrimonio tanto coa Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local (EIEL) como co sistema contable de GPA, por mor de garantir unha actualización constante da realidade patrimonial de cada entidade.

Para ese efecto a Deputación da Coruña poñerá ao dispor das entidades locais que participen no proxecto:

- 1) O módulo do sistema de Xestión Patrimonial "GPA" integrado coa aplicación de Xestión Económico-Contable "Sicalwin", no que as entidades locais beneficiarias deberán integrarse.



- 2) Os procedementos, programas e ferramentas que permitan ás entidades locais fornecer a información necesaria para a actualización da EIEL nos formatos e coa periodicidade que se estableza e a utilización destas ferramentas para a xestión do seu propio inventario.

Na procura dunha adecuada sistematización da mencionada xestión patrimonial das entidades locais definindo e enlazando as relacións contables entre o inventario e a contabilidade e coa propia Enquisa de Infraestrutura Local, é mester o aseguramento da asunción de determinados COMPROMISOS polas entidades locais beneficiarias do proxecto, como condición previa e inescusable para a adhesión ao proxecto, a saber:

1. Compromiso de aprobación do inventario que se elabore e/ou actualice polos órganos municipais competentes.
2. Compromiso de incorporación ao módulo de GPA de Sicalwin como programa contable de xestión patrimonial.
3. Designación do responsable municipal do proxecto que facilite, participe e supervise a realización dos traballos, así como do persoal que, previa formación na materia mediante a asistencia ás xornadas de formación en xestión patrimonial que se realicen, encárguese de manter e actualizar permanentemente o Inventario que se entregue pola/s entidade/s que confeccionarán e/ou actualizarán inicialmente o Inventario a través da pertinente aplicación informática, convertendo o Inventario nunha ferramenta viva e duradeira, asumindo o compromiso da levanza e mantemento do Inventario mediante a aplicación informática de xestión patrimonial facilitada pola Deputación, co asesoramento técnico das distintas Áreas do Servizo de Asistencia a Municipios.



4. Compromiso de trasladar a información e documentación precisas, que se solicite pola Deputación, para a actualización da Enquisa de Infraestrutura Local no formato e prazos que se establezan.

Esta nova fase do proxecto propónse con dúas liñas de actuación diferenciadas, por unha banda a elaboración dos inventarios naquelas entidades de menos de 15.000 habitantes que non teñan un inventario de bens aprobado e non participaran en ningunha das fases anteriores do proxecto e por outro, a actualización dos datos dos inventarios das entidades locais que o teñan aprobado ou que foron elaborados nas fases anteriores deste proxecto. En ambos os casos coa finalidade de cargar os datos no módulo de GPA de Sicalwin.

Este proxecto terá a consideración de gasto plurianual e levarase a cabo en catro anualidades, contadas a partir da data da firma do contrato en documento administrativo. Na primeira e na segunda anualidade executaranse cinco inventarios xurídicos, de nova execución ou de actualización indistintamente, en cada anualidade. Para a terceira e cuarta anualidade executaranse o resto de inventarios xurídicos, de conformidade coa relación de entidades locais previstas para participar nesta fase do proxecto.

As entidades locais nas que se realizarán os traballos en cada unha das anualidades serán propostas polo Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica e requirirán da aceptación, por parte dos concellos respectivos, de todos os compromisos e obrigacións que comporta formar parte deste proxecto.



Establecendo un prezo unitario para a elaboración de novos inventarios de 15.000,00€, e para a actualización de inventarios xa realizados de 10.000,00€, importe en ambos os casos co IVE incluído, o importe máximo deste contrato ascendeu á cantidade de 370.000,00€, IVE incluído, consignada na aplicación orzamentaria 0230/931.23/227.06 e distribuída por anualidades da seguinte forma:

- 1ª Anualidade: cun orzamento de 75.000,00 €, IVE incluído
- 2ª Anualidade: cun orzamento de 75.000,00 €, IVE incluído
- 3ª Anualidade: cun orzamento de 110.000,00 €, IVE incluído
- 4ª Anualidade: cun orzamento de 110.000,00 €, IVE incluído

A primeira anualidade iníciase neste ano 2022 coa firma do contrato coa empresa adxudicataria Estudio Técnico Galego, S.A. o 20 de xullo de 2022. O prezo unitario ofertado para a elaboración de novos inventarios foi de 14.398,50€ e o prezo unitario para a actualización de inventarios elaborados en fases anteriores e debidamente aprobados foi de 9.599,00€, en ámbolos dous casos co IVE incluído.

Os concellos designados pola Resolución de Presidencia nº 2022/40170 para participar nesta primeira anualidade do proxecto foron os seguintes: Frades, A Laracha, Sobrado, Touro e Vedra. Nestes concellos realizaranse traballos de elaboración de novos inventarios agás no Concello de Vedra que conta cun inventario de bens aprobado, que se farán traballos de actualización de datos.



IV.5. ORDENANZAS MUNICIPAIS

No ano 2004 púxose en marcha o proxecto de integrar nunha soa base de datos toda a normativa municipal dos concellos da provincia da Coruña, así como doutras entidades locais como mancomunidades e consorcios. Esta recompilación faise efectiva partindo das publicacións que fan os concellos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña tanto das súas ordenanzas fiscais como da normativa regulamentaria. O obxectivo era que os cidadáns dispuxesen desta información integrada independentemente de que algúns concellos ofrecesen este servizo individualizado nas súas web municipais. No proxecto non se incluíron os concellos das tres grandes cidades da Provincia (A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol) por posuír nas páxinas web dos seus respectivos concellos unha información detallada de toda a súa normativa municipal.

No ano 2012, a Deputación crea a plataforma de sedes electrónicas municipais. A finais do ano 2022 estaban adheridos a este proxecto de Administración electrónica 69 concellos e outras 10 entidades locais (consorcios e mancomunidades). Para facilitar o proceso de solicitudes aos cidadáns, creáronse ligazóns entre a base de datos das ordenanzas municipais e cada unha das sedes electrónicas, o que permite para cada procedemento de cada concello incluído na plataforma sedes electrónicas acceder á normativa municipal vixente.

Para iso, utilizouse a información que figura nas publicacións do BOP inseridas na web provincial, así como as publicacións que historicamente se conservan en papel nos arquivos da Deputación. Despois dun longo proceso no que se contou tamén coa



colaboración dos concellos, hai xa un tempo que se culminou o proxecto, e actualmente o labor da Deputación da Coruña consiste en seguir actualizando esta base de datos a medida que os concellos publican a súa normativa no Boletín Oficial da Provincia.

Para coñecer o seu impacto no público e a viabilidade deste servizo, no ano 2008 estableceuse a través de Google Analytics un control das consultas que se realizaban a esta base de datos tanto en España como no estranxeiro. Estas consultas tamén se desagregaron en “visitas recorrentes”, aqueles terceiros que xa utilizaran a base de datos con anterioridade, e “visitas novas”, aqueles visitantes que utilizan o servizo por primeira vez. Aínda que a maior parte das consultas realízanse desde territorio nacional, tamén se observa que hai un bo número de visitas procedentes do exterior, especialmente de países de Europa e Hispanoamérica. Así podemos constatar que o número de consultas multiplicouse por máis de cinco desde que se puxo en funcionamento este contador de visitas ata o ano 2021.


No mes de xullo de 2022, por razóns de seguridade o Servizo de Informática e Administración Electrónica decidiu suspender temporalmente o acceso ás consultas da base de datos de ordenanzas municipais a través da web da Deputación. Unha vez que se puxeron en marcha os controis necesarios para garantir a seguridade informática, este Servizo restableceu de novo o acceso ás consultas a principios do ano 2023. Isto tamén repercutiu nos métodos de traballo na plataforma de sedes electrónicas que actualmente volveron à súa dinámica anterior.

Polo exposto anteriormente, só se pode reflectir nesta memoria o grao de consultas que se fixeron nos dous primeiros trimestres do ano 2022. Se comparamos estas cifras cos datos destes trimestres no ano anterior, pódese observar que o nivel de consultas



foi similar nos dous anos. Disto podemos intuír que terminou a tendencia á alza das consultas dos anos anteriores, e por tanto, que empeza a estabilizarse o obxectivo deste servizo.

VISITAS	Primeiro Trimestre	Segundo Trimestre
2021	9.400	10.865
2022	9.327	10.540





ESTADÍSTICAS ORDENANZAS MUNICIPAIS

INFORMES 2008

VISITAS	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	
NOVAS	318	274	441	
RECORRENTES	1.098	782	1.153	
TODAS (Novas + Recorrentes)	1.416	1.056	1.594	

INFORMES 2009

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	570	517	368	471	1.926
RECORRENTES	1.242	1.402	1.154	1.351	5.149
TODAS (Novas + Recorrentes)	1.812	1.919	1.522	1.822	7.075

INFORMES 2010

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	535	568	516	740	2.359
RECORRENTES	1.428	1.401	1.163	1.570	5.562
TODAS (Novas + Recorrentes)	1.963	1.969	1.679	2.310	7.921

INFORMES 2011

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	619	694	602	721	2.636
RECORRENTES	1.507	1.578	1.749	1.959	6.793
TODAS (Novas + Recorrentes)	2.126	2.272	2.351	2.680	9.429

INFORMES 2012

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	727	996	847	1.057	3.627
RECORRENTES	1.952	1.965	1.669	2.138	7.724
TODAS (Novas + Recorrentes)	2.679	2.961	2.516	3.195	11.351

INFORMES 2013

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	1.124	1.440	1.346	1.634	5.544
RECORRENTES	2.376	2.866	2.019	2.902	10.163
TODAS (Novas + Recorrentes)	3.500	4.306	3.365	4.536	15.707

INFORMES 2014

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	1.561	1.774	1.877	2.085	7.297
RECORRENTES	2.559	2.282	2.092	2.667	9.600
TODAS (Novas + Recorrentes)	4.120	4.056	3.969	4.752	16.897

INFORMES 2015

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM		
NOVAS	2.242	2.531	2.502		
RECORRENTES	2.675	2.532	2.534		
TODAS (Novas + Recorrentes)	4.917	5.063	5.036		

INFORMES 2016

VISITAS	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	
NOVAS	2.734	2.553	2.838	
RECORRENTES	2.832	1.930	2.556	
TODAS (Novas + Recorrentes)	5.566	4.483	5.394	

INFORMES 2017

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	3.290	3.374	3.099	2.815	12.578
RECORRENTES	2.851	3.132	2.456	2.917	11.356
TODAS (Novas + Recorrentes)	6.141	6.506	5.555	5.732	23.934

INFORMES 2018

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	2.735	3.461	2.877	2.226	11.299
RECORRENTES	2.931	3.210	2.936	3.766	12.843
TODAS (Novas + Recorrentes)	5.666	6.671	5.813	5.992	24.142

INFORMES 2019

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	2.410	2.845	3.018	2.467	10.740
RECORRENTES	3.819	3.861	4.463	4.730	16.873
TODAS (Novas + Recorrentes)	6.229	6.706	7.481	7.197	27.613

INFORMES 2020


VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	2.585	3.461	3.885	3.527	13.458
RECORRENTES	4.221	4.536	5.006	5.312	19.075
TODAS (Novas + Recorrentes)	6.806	7.997	8.891	8.839	32.533

INFORMES 2021

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	4.044	4.402	4.162	3.443	16.051
RECORRENTES	5.356	6.463	5.698	5.523	23.040
TODAS (Novas + Recorrentes)	9.400	10.865	9.860	8.966	39.091

INFORMES 2022

VISITAS	1er TRIM	2º TRIM	3er TRIM	4º TRIM	TOTAL ANUAL
NOVAS	3.837	4.532			
RECORRENTES	5.490	6.008			
TODAS (Novas + Recorrentes)	9.327	10.540			



Nota: Como non se coñecen con exactitude as visitas que tiveron lugar no cuarto trimestre do ano 2015 e no primeiro trimestre do ano 2016, fixéronse unhas estimacións moi aproximadas á realidade en base á comparativa dese mesmo trimestre en anos anteriores e a coherencia coa evolución dos trimestres dese mesmo ano.



IV.6. COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Durante este ano 2022 dende o Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica prestouse colaboración a distintos organismos públicos estatais e autonómicos para recompilar información dos concellos da provincia de diversa natureza, tarefa que lles resultaba moi infrutuosa na que a deputación demostrou ser unha canle moito máis eficaz.

Así o **Consello de Contas** solicitou da Deputación a colaboración para contactar con algunhas entidades locais da provincia ao obxecto de que enviaran a información relativa ao seguimento das recomendacións realizadas por eles na fiscalización sobre as actuacións das EELL de Galicia de mais de 10.000 habitantes en materia medioambiental nos exercicios de 2017 e 2018. A través deste Servizo e en colaboración co COSITAL A Coruña-Pontevedra, o SAEM púxose en contacto cos Secretarios e Interventores destas entidades locais e conseguiu que na maioría dos casos atenderan a este requirimento de información.

Co propio Consello de Contas e cos Colexios provinciais de habilitados nacionais sentáronse as bases para implementar a colaboración para o establecemento conxunto do plan formativo da institución, de forma que, por una parte se posibilitara o público coñecemento dos criterios asumidos polo órgano de control externo nas súas tarefas fiscalizadoras e pola outra se coñecera por parte do órgano de control externo a realidade dos concellos e das súas dispoñibilidades persoais e materiais. En todo caso, a colaboración dos servizos de asistencia económica da Deputación ampliaríase tanto ós aspectos materiais como ós formais, co compromiso engadido de continuar co ofrecemento da labor mediadora que tantos resultados positivos tiveron neste exercicio sendo esta circunstancia recoñecida de forma expresa polo conselleiro da Área Local do Consello de Contas.



Por outro lado, a **Subdirección General de Gestión Presupuestaria y Financiera de EELL del Ministerio de Hacienda y Función Pública** solicitou tamén a nosa colaboración para obter a información relativa aos motivos de incumprimento do Período Medio de Pago, PMP, do terceiro trimestre de 2022 nalgúns concellos da nosa provincia. Se fixo unha enquisa nos concellos afectados para indagar nos motivos do seu incumprimento e os resultados da mesma foron remitidos ao Ministerio. Esta información é esencial para a aprobación de medidas de apoio realmente efectivas para as entidades locais en función dos problemas que veñen provocando este incumprimento

IV.7.ELABORACIÓN DE CONTIDOS ACTUALIZADOS WEB

Uns dos obxectivos para a anualidade 2023 neste eido, debe ser a continuidade na ampliación do contido das distintas áreas temáticas engadindo novos modelos de procedementos e expedientes, guías de fiscalización, informes, estrutura de estudos, simuladores de cálculo, elaboración de guías de rendición de información, modelos de avaliación do cumprimento de obxectivos como estabilidade e regra de gastos, plans económico-financeiros, plans de saneamento, modelos de control financeiro, vídeos titoriais formativos e calquera outra documentación relevante e de aplicación que poida servir de base aos usuarios, facilitando o seu labor cotián e contribuíndo tanto á axilización administrativa como á seguridade xurídica dos expedientes.

Tamén figura entre os propósitos deste servizo, a ampliación das propias áreas temáticas ben engadindo novos contidos ben desagregando os actuais nos necesarios para garantir o mellor rendemento e asistencia.



Na medida que o escenario económico-orzamentario siga tendo incidencia directa ou indirecta no exercicio das competencias das entidades locais, será motivo de singular seguimento por parte do SAEM, mantendo o compromiso de difusión entre os concellos da articulación de criterios que aporten certeza e seguridade xurídica as súas actuacións.

IV.8.IMPULSO DA COLABORACIÓN TRANSVERSAL DA ASISTENCIA A CONCELLOS MEDIANTE A DISPOÑIBILIDADE DAS DISTINTAS ÁREAS ADMINISTRATIVAS PROVINCIAIS

A implicación dos distintos servizos da Deputación na prestación da asistencia aos concellos da provincia é unha realidade que se vén acreditando de xeito incuestionable ano tras ano, singularmente de modo máis intenso nestes últimos anos por mor da situación xerada pola pandemia que motivou a busca de alternativas e o reforzo do soporte tecnolóxico tanto dos concellos como da propia Deputación para posibilitar os canles de colaboración e axuda.

En consecuencia, e como continuidade a este labor esencial para o funcionamento administrativo dos concellos, estase a incrementar se cabe unha maior intensidade na implicación dos distintos servizos nestas tarefas, a través das seguintes actuacións:

a) Espazo SAEM:

-Colaboración co SAEM na proposta de complementar nas Áreas temáticas incluídas na "web SAEM" a documentación e modelos que se estime convenientes para a utilidade dos usuarios.



-Proposta de elaboración, en coordinación co Servizo de Contratación, dun recompilatorio dos informes de diversa natureza resultantes das actuacións contratadas pola Deputación en diversos ámbitos (xurídico, socio-económico, cultural) co obxecto tanto de fomentar a transparencia nas actuacións da Deputación, como de posta a disposición dos concellos para a súa consulta e aproveitamento dos seus contidos.

- b) Formación: Participación activa na elaboración, deseño, programación e impartición das actuacións formativas ao persoal dos concellos, coordinadas polo servizo de Organización, procurando a mellora das competencias e habilidades tanto do propio SAEM, como dos empregados públicos das entidades locais.
- c) Consultas: Ampliar a dispoñibilidade na prestación dos servizos de asistencia por parte das distintas áreas da Deputación aos novos proxectos que se implanten (como é o caso da asistencia da área de Recursos Humanos no programa de control de presenza), fomentando ademais procedementos de identificación e seguimento das incidencias en función da súa natureza.

Cómpre subliñar con carácter complementario, o compromiso que este servizo asume de analizar, xunto cos concellos, as áreas de especial dificultade de xestión respecto das que as carencias ou dificultades -singularmente técnicas- motiven disfuncións que requiran unha análise conxunta para a proposta de actuacións que traten de paliar a dinámica xerada: especial referencia pode facerse, en base á experiencia destes últimos anos, a cuestións tales como a incidencia do actual escenario de suspensión de regras fiscais e as consecuencias sobre a eventual utilización do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RTGG) como fonte de financiamento de novos gastos, así como a as estratexias relativas á avaliación do obxectivo de estabilidade



orxamentaria e regra de gasto de cara á rehabilitación das regras fiscais nos exercicios vindeiros, así como a elaboración e seguimento de Plans económico financeiros ou de Saneamento, ou a axilización dos procedementos de contratación mediante a colaboración provincial na xestión dos expedientes administrativos correspondentes.

Así mesmo, a coordinación do servizo SAEM asume o compromiso de manter unha liña constante e permanente de vixilancia e colaboración con aqueles concellos que mostraran problemas crónicos, non unicamente referidos á xestión económica, senón o cumprimento das obrigas de remisión da información ó Ministerio e CCAA; de esta forma, perséguese como obxectivo a anticipación que permita unha actuación preventiva (e non tanto correctiva) respecto dos problemas que puideran ocasionar esa demora, facilitando así as prestacións e asistencias necesarias para o cumprimento en tempo e forma dos deberes legais de comunicación. Con isto evítanse problemas engadidos de requirimento de información e xustificacións, imposibilidade de acceso ó financiamento e en última instancia, problemas de liquidez financeira como consecuencia de imposición de retencións na participación nos ingresos do Estado.

Parte desta actuación require o mantemento dos vixentes canles de comunicación permanentes con outras institucións (COSITAL, colexios profesionais) e administracións (Estado, Xunta de Galicia, servizos de asistencia doutras deputacións) por mor dunha xestión máis eficaz e eficiente en orde á consecución dos obxectivos esixidos pola normativa vixente e mesmo propiciando unha sorte de mediación institucional entre o concello e esas administracións, tratando de harmonizar e unificar, se é o caso, criterios.

Mención especial cómpre realizar dos seguintes ámbitos de actuación e colaboración institucional :



- a) coordinación co **órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia**, en relación coas posibles interpretacións da continua actualización da normativa en materia económico-orzamentaria e financeira, como dos criterios aplicables ós expedientes municipais que deben ser obxecto de avaliación por esa institución. En todo caso, ó abeiro dos acordos excepcionais de suspensión da aplicación das regras fiscais, é necesaria unha actividade constante de planificación e programación da actividade económico-orzamentaria das EELL que teña en conta a previsible continuidade na vixencia dos obxectivos fiscais nos exercicios vindeiros.
- b) intensificar as canles de comunicación **coa Dirección xeral de administración local** e co propio **Colexio provincial de secretarios, interventores e tesoureiros de administración local (COSITAL)** coa finalidade de mediación na cobertura provisional das prazas reservadas a funcionarios de habilitación estatal que requiran a súa cobertura para o exercicio das funcións reservadas. Esta circunstancia resulta especialmente sensible nun escenario como o actual marcado pola falta de cobertura de vacantes motivadas tanto polas ofertas públicas de prazas insuficientes en relación ás vacantes existentes, como polos procesos de xubilación que se prevén a curto prazo.
- c) coordinación co **órgano de control externo da CCAA de Galicia**, tanto en labores formativas (xornadas de formación, determinación de criterios de fiscalización), como informativas (comunicación dos requirimentos de información, colaboración previa o envío de solicitudes e requirimentos de cumprimento de información, establecemento de modelos consensuais de solicitude de información, publicidade e concienciación para o cumprimento dos deberes de remisión de documentación solicitada),



como mediadoras (dirimir e xestionar posibles incidencias entre as entidades locais e o Consello de Contas, fomentar a relación directa entre as institucións, actualizar as canles de comunicación e rexistro, determinación de interlocutores polas distintas entidades para unha mellor coordinación nas actuacións)

IV.9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO

Co obxecto de contrastar a utilidade da asistencia económica ás entidades locais provinciais, convén impulsar procedementos de avaliación da prestación ofrecida por parte das entidades locais, de xeito que permita a obtención de datos relativos ao grao de satisfacción das entidades beneficiarias e as propostas de mellora, todo isto co propósito de acrecentar e progresar na finalidade perseguida que é a de contribuír ao proceso de evolución sostido e sostible dunha administración local máis moderna que permita ofrecer unha adecuada resposta ás demandas sociais dos cidadáns.

Con este obxectivo, continúaase traballando en modelos de enquisas e indicadores que permitan a obtención de datos relevantes para a adopción das actuacións necesarias para intentar garantir unha prestación integral de calidade, áxil, útil e eficaz.



IV.10. EXPLORACIÓN DE CANLES DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIAS

A dinámica das comunicacións no actual contorno das redes sociais existente segue a esixir unha valoración sobre a conveniencia da utilización destas canles como método complementario de comunicación e transmisión da información que facilite a súa accesibilidade.

V. CONSIDERACIÓNS FINAIS

O escenario socioeconómico complexo marcado pola crise económica continúa enmarcando no exercicio das competencias na prestación dos servizos por parte dos concellos, esixindo das administracións locais esforzos persoais, materiais, organizativos, económicos, e orzamentarios para garantir a súa efectiva prestación. A rehabilitación das regras fiscais de estabilidade, regra de gasto e débeda pública que se anuncian para próximos exercicios demandará a execución de políticas restritivas de gasto público sen que as prestacións de calidade do servizo público se vexan diminuídas. Para isto será imprescindible articular mecanismos de previsión e planificación orzamentaria e financeira para as entidades locais da nosa provincia que a bo seguro requirirán labores de asesoramento deste servizo.

Neste camiño, as entidades locais sempre encontraron e encontrarán a colaboración comprometida da Deputación Provincial, en xeneral e do seu servizo de Asistencia económica en particular, garantindo unha eficaz e puntual prestación dos servizos básicos esenciais e posibilitando o cumprimento dos obxectivos de remisión da información que outras administracións lles soliciten.



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS

Como nas Memorias anteriores, concluímos esta co mesmo corolario, cuxo contido ilustra a motivación e compromiso dos compoñentes deste servizo: *reforzar os pequenos concellos e chegar onde estes non poden chegar, asumindo con vontade proactiva e innovadora o propósito dunha asistencia integral cada vez máis eficaz, inmediata e transversal.*

A xefa do Servizo de Orzamentos
e Asistencia Económica a Concellos,

M^a José Vázquez Sesmonde
(asinado dixitalmente)

O interventor adxunto,

Marcial Rodríguez Toajas
(asinado dixitalmente)